



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o alcalde-presidente con data vinteoito de setembro de dous mil once, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 315 / 2011

Data decreto: 28/09/2011

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases para a selección dun/ha conductor/a de microbus para o transporte social adaptado do Concello de Boimorto.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA EN FUNCIONS DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a urxente necesidade de contratación de persoal laboral temporal por contrato de duración determinada, como consecuencia do outorgamento pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia dunha subvención para adquisición de vehículo adaptado.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 28/9/2011.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar a convocatoria para a contratación dun/ha conductor/a de microbus para o transporte social adaptado do Concello de Boimorto facendo á súa selección previa remisión de oferta ao INEM por concurso aprobando as bases que rexerán a contratación e que se reproducen a continuación:

"BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DUN/HA CONDUCTOR/A PARA MICROBUS"

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal , mediante concurso dun/ha conductor/a para o servizo de transporte social adaptado para persoas dependentes do Concello de Boimorto.

As funcións a desenvolver serán as propias do posto de traballo, entre as que se inclúen, a título de exemplo, as seguintes: conducción e tarefas propias de utilización do vehículo; recollida e traslado de persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia. Mantemento e limpeza do vehículo e accesorios. Aquelas outras funcións ou labores derivadas do servizo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, relacionadas coa conducción, transporte e mantemento doutros vehículos municipais.

Contrato laboral de carácter temporal, a xornada completa, na modalidade servizo determinado. As retribucións equiparanse ao persoal que na actualidade esta traballando neste



concello coa mesma categoría profesional, ao non ter este concello convenio colectivo que resulte de aplicación ás retribucións previstas para a contratación.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto , os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contem'pladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuge sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso o emprego público como persoal funcionario, extenderáse igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os extranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores , así como os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.


Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para oexercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbese sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

A) Requisito de titulación: Ter algunha das titulacións seguintes: Certificado de escolaridade ou graduado escolar ou equivalente

B) Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego correspondente como desempregado/a ou en mellora de emprego.

C) Permiso de conducir D en vigor. En caso de que o permiso D fose expedido a partir do 11/09/2008 será imprescindible estar en posesión do CAP para viaxeiros (Certificado de Aptitude Profesional para viaxeiros).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego. De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun Exercicio entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Tribunal:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será correxido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamente de puntuacións finais e proposta do/a/s candidato/a/s.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso- oposición

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello así como na páxina web, presentará oferta de emprego ante o INEM, facendo referencia ós requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme a anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe dos demandantes, e cada aspirante terá como data limite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello, para a participación neste proceso selectivo o **dia 13 ás 14:00 horas** solicitude instancia de participación cuxo modelo se adxunta no (Anexo II) dirixida o Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

-Fotocopia compulsada do DNI

-Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

-Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.



- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Por ter experiencia na administración pública ou sector privado en posto similar será acreditada mediante informe de vida laboral da Seguridade Social e/ou contratos de traballo.
- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma.
- Carnet de conducir clase C mediante copia compulsada.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando dous días hábiles aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederán a/s Comisión/s seleccionadora/s a valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as .

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto D. Luis González Guerra

-Suplente presidente : O Animador deportivo do Concello de Boimorto: D. Cesar Bujan Barral.

Vogaís:

1º vogal: A Técnica local de emprego do Concello de Boimorto (Dª Ana Mª Vallo Camba)

Suplente 1º vogal: A Técnica local de emprego do Concello de Toques (Dª Mónica Seijas Rey)

2º vogal: O encargado de servizos do Concello de Boimorto(D. Manuel Vázquez García)


Suplente 2º vogal: O operario de servizos múltiples do Concello de Curtis (D. Luis García Vázquez)

-Secretaria: a do Concello Dª Rebeca Vázquez Vázquez ou funcionario nomeado en caso de ser necesaria a súa substitución.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e da Secretaria.

A cualificación dos méritos para o concurso realizarase pola Comisión seleccionadora axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas Bases , levarase a cabo pola Comisión Seleccionadora que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, trala valoración da a Comisión e elevará ó Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total .

En caso de empate darase preferencia ao que teña maior experiencia, no caso de seguir o empate o que teña o carnet clase C e por último o que teña maior formación. De seguir o empate farase unha entrevista na cal se valorará os coñecementos en transporte de vehículos de viaxeiros.



Se algún do/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 2 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos no caso de que finalice o servizo ou sexan chamados por unha vez todos os seleccionados.

Sexta.- Formalización do contrato

O contrato formalizarase a requerimento da Administración acreditado presentado polo/a aspirante

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desempeñar.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

Sétima.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Oitava.- Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Novena.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso

1.- Experiencia Profesional: máximo 5 puntos

Experiencia (tanto na Administración Pública como no sector privado) relacionada con postos similares relativos ao transporte colectivo de viaxeiros: 0,10 puntos por mes completo traballado. (Non se computarán períodos inferiores ao mes).

A acreditación da experiencia será mediante a presentación de informe de vida laboral e/ou contratos de traballo.

2.- Formación: máximo 3 puntos

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver:

- Curso de prevención de riscos laborais: 1 punto.


- Outros cursos relacionados co posto de traballo: 0,50 puntos/ curso ata máximo de 2 puntos.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

3.- Carnet Clase C: 1 punto

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA



D./Dña.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....telf....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun/ha conductor/a para microbus como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto polos servizos do INEM.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

-
-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SRA. ALCALDESA EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Remitase oferta de emprego ao INEM aos efectos oportunos así como publíquese no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web anuncio indicativo deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.

Boimorto vinteito de setembro de dous mil once

Perante min:

A alcaldesa en funcións


A secretaria

Asdo.- Dna. Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa en funcións en BOIMORTO, a 10 de outubro de 2011

Vº Pr.
A alcaldesa en funcións,


Asdo.- Ana Ledo Fernandez

